

# Dous retratos inéditos do pintor Dionisio Fierros na III Exposición de Pintura de Propiedade Particular do Museo Provincial de Lugo do ano 1962

---

Maria Quiroga Figueroa

**Resumo:** a primeira e única vez que se expuxeron públicamente os retratos do conde de Torrenovaes e o da condesa de San Martín de Quiroga, pintados por Dionisio Fierros, foi na *III Exposición de Pinturas de Propiedad Particular* celebrada no Museo Provincial de Lugo, hai xustamente agora cincuenta e dous anos.


**Resumen:** La primera y única vez que se expusieron públicamente los retratos del conde de Torrenovaes y de la condesa de San Martín de Quiroga, pintados por Dionisio Fierros, fue en la *III Exposición de Pinturas de Propiedad Particular* celebrada en el Museo hace justamente ahora cincuenta y dos años

**Abstrac:** The first and only time that the portraits of the Count of Torrenovaes and the Countess of San Martín de Quiroga, painted by Dionisio Fierros, were publicly exhibited was at the 3rd Exhibition of Privately-Owned Paintings held in the Provincial Museum of Lugo exactly fifty-two years ago.

No mes de xuño do ano 1960 o Museo Provincial de Lugo poña en marcha a iniciativa de amosar obras de arte de propiedade particular existentes na cidade de Lugo e na súa provincia, en exposicións temporais; isto constituíu un feito sen precedentes na entidade museística e ademais supuxo unha oportunidade única de poder contemplar obras de arte inaccesibles ao público en xeral. Nesta primeira mostra se amosaban vinte e sete obras pictóricas, algunas anónimas e outras de autores consagrados coma Esquivel e Federico de Madrazo entre outros.

Animados polo éxito, no mes de outubro dese mesmo ano inaúgurase a *II Exposición de Pinturas de Propiedad Particular*, que nesa ocasión estaría dedicada en exclusiva á obra do pintor lucense Gumersindo Pardo Reguera. (Cervantes, Lugo 1847- A Coruña 1916).

Será na terceira exposición, celebrada no mes de xuño do ano 1962, cando se expoñan publicamente e, por primeira e única vez, os dous cadros que agora presentamos:



*o retrato do conde de Torrenovas*, que figuraba co número 10 e o *retrato da condesa de San Martín de Quiroga*, co número 12, ambos pintados por Dionisio Fierros, autor tamén do *retrato de don Vicente Vázquez de Quiroga y Queipo de Llano*, cuia imaxe aparecía na portada do catálogo.

As obras presentadas sumaban un total de vinteito, xa que ademais dos tres retratos pintados por Fierros, expoñíanse obras de outros grandes artistas como Ramón Mosquera, Martínez Abades, Eduardo Rosales, Juan de Arellano, José de Ribera, Díaz Carreño e tamén algunas anónimas de gran calidade artística.

O pintor Dionisio Fierros (La Ballota, Cudillero 5 de maio de 1824-Madrid 24 de xuño de 1894), foi un dos retratistas máis prolíficos da súa época. En 1841 marcha a Madrid a traballar como mordomo na casa dos marqueses de San Adrián, persoas que estaban moi ben relacionadas cos medios artísticos oficiais da época e coa sensibilidade necesaria para darse conta do talento artístico do seu empregado polo que deciden apoialo na súa nova carreira. Deste xeito comeza Dionisio Fierros a súa formación no taller de José Madrazo, que naquela época era pintor de cámara e director da Real Academia de Belas Artes e, despois dun tempo, alternando as clases coas visitas ao Museo do Prado e a Academia de San Fernando, pasará ao taller do seu

fillo, Federico de Madrazo, pintor que acababa de regresar de París e Roma e xa nesa época estaba considerado coma un gran retratista.

Durante as súas viaxes por Europa, Federico Madrazo vai entrar en contacto coa nova corrente artística de orixe xermano-francesa chamada Romanticismo, movemento artístico que reaccionaba contra a frialdade do Neoclasicismo poñendo o énfase na exaltación da liberdade fronte ás reglas da Academia e sen abandonar nunca a súa formación clasicista daviniana aprendida do seu pai e do pintor Ingres, a quen admiraba profundamente. Trasladará os efectos plásticos obtidos mediante as fortes contraposicións entre luces e sombras e a supremacía da liña aos seus retratos na busca de afondar nas almas das personaxes.

A elegancia dos retratos de Dionisio Fierros reflicten, sen ninguna dúbida, a pegada indeleble do seu amigo e mestre Federico Madrazo, revelándonos a alma dos persoaxes que trascende a simple apariencia física, así como o excelente manexo dos panos e a escrupulosa descripción dos mínimos detalles.

En 1856, tras viaxar por Roma, Florencia, Venecia, Xinebra e París, Fierros considera que xa é o momento de buscar o seu lugar como pintor e diríxese a Galicia, territorio aínda non explorado dende o punto de vista artístico, onde espera atopar temas para desenvolver a pintura de costumes, un xénero que lle apaixoa e que xa estaba moi extendido por outras zonas de España en especial pola Escola Sevillana.

Quen introduce a Fierros en Santiago de Compostela, que naquellos momentos estaba considerada coma capital cultural de Galicia, parece non estar aínda claro, o que si sabemos, e as palabras do mesmo Dionisio o atestigan, é que durante os tres anos que dura a súa estancia nesta cidade logrará facerse cunha nutrida clientela e consagrarse coma un excelente retratista, o que lle permitirá compaxinhar esta faceta coa pintura costumista. Neste último xénero pintará seis cadros e realizará un gran número de bocetos que utilizará en composicións posteriores.<sup>1</sup>

No ano 1858 presentará varios retratos e cadros de costumes na Exposición Agrícola e Industrial de Santiago de Compostela cos que vai obter un gran éxito, que é ratificado no ano 1860 cando gaña a primeira medalla na Exposición Nacional de Belas Artes coa composición titulada *A romaría nas cercanías de Santiago*.

*Os retratos do conde de Torrenovas e o da Condesa de San Martín de Quiroga* están pintados en Santiago de Compostela, durante esta primeira estancia de Fierros en Galicia, e neles podemos rastrear a influencia de Federico Madrazo na elegancia e sobriedade da paleta empregada, na colocación das figuras en tres cuartos recortadas sobre fondos neutros, nos rostros fortemente iluminados dende a parte superior dos cadros creando contrastes de luces e sombras, que contribuen á busca da tridimensionalidade e no emprego de puntos brancos sobre as pupilas dos retratados e no sutil sorriso.

<sup>1</sup> “En julio de 1855 marché a Santiago de Galicia, con objeto de pintar cuadros de costumbres de aquel país. Mi estancia en Santiago fue de tres años, pues aparte de seis cuadros de costumbres pinté un sinfín de retratos”. Memorias de Dionisio Fierros publicadas en *Fierros. Publicacións Españolas. Cuadernos de arte. Colección Ordinaria*. Madrid 1966.



O feito de que estes retratos foran pintados con dous anos de diferenza dános a oportunidade de analizar a evolución na traxectoria do artista, que vai alcanzando a súa propia personalidade ao liberarse, pouco a pouco, dos esquemas do seu mestre e acadando novas metas coma a captación da atmósfera dános, algo que consegue suavizando as contraposicións lumínicas e modelando as sombras, do que é un bo exemplo o retrato da condesa.

O retrato de don Manuel María Ramón Juan Nepomuceno Vázquez de Quiroga y Queipo de Llano, I conde de Torrenovaes e Vizconde de Espasantes foi pintado no ano 1856, cando Fierros xa levaba vivendo un ano en Galicia.<sup>2</sup>

O retratado naceu na casa de Lusío, na parroquia de San Cristobo do concello lugués de Samos, o día 16 de maio de 1800, e morreu o día 11 de xuño de 1859. Tiña os títulos de conde de Torrenovaes e visconde de Espasantes, concedidos pola raíña Isabel II. Foi senador do Reino, varias veces deputado a Cortes e comisario rexio de Agricultura por Lugo. Casou en primeiras nupcias con dona Ramona Joaquina Quiroga y Prado, con quen tivo dous fillos, Vicente María Pantaleón, que herda os títulos do pai e María Manuela, condesa de San Martín de Quiroga. Ademais era irmán de Vicente María Vázquez de Quiroga y Queipo de Llano, cuxo retrato tamén figuraba na *III Exposición de Pinturas de Propiedade Particular* e que foi un dos científicos más importantes do noso país, xa que entre outras moitas achegas destacan a Memoria sobre a Reforma do Sistema Monetario e a

<sup>2</sup> O título de conde de Torrenovaes foi concedido o 13 de xuño de 1859 pola raíña Isabel II e o de visconde de Espasantes o día 2 de xullo de 1853.

Condado de Torrenovaes de Quiroga. Arquivo dos condes de San Martín de Quiroga. Sección Nobreza. Arquivo Histórico Nacional.

abolición gradual da escravitude na illa de Cuba, o proxecto de lei sobre a uniformidade e reforma do sistema métrico e monetario españois e as famosas táboas de logaritmos vulgares, que constituíron a súa obra mais reeditada. Foi condecorado coa Gran Cruz de Isabel a Católica e nomeado cabaleiro da Real Orde de Carlos III.

O conde de Torrenovaes contaba con cincuenta e seis anos de idade cando Fierros o pinta. Trátase dun retrato de busto, en tres cuartos á dereita e coa cabeza xirada ao frente, mirando o espectador. Neste óleo sobre lenzo de 67'5 x 58 cm podemos rastrear as receitas aprendidas no taller de Federico Madrazo que xa comentamos anteriormente coma o leve sorriso e os puntos brancos que iluminan as pupilas, a paleta de cores sobria e restrinxida a negros, brancos, grises e toques de carmín nas carnáculos, e a potente luz que se derrama dende a parte superior do cadro bañando case a totalidade do rostro e deixando só unha pequena parte da meixela dereita en sombra, todo iso na busca da psicoloxía da personaxe.

O retratado presenta cabelo oscuro peiteado hacia un lado coa frente despexada, ampla patilla e sen barba. A minuciosidade na pincelada queda patente nas carnáculos, tratadas de forma naturalista, sobre todo nas meixelas nas que se transparentan zonas avermelladas. Viste de etiqueta, como correspondía ao seu estatus, con levita de frac, chaleque e lazo negros, camisa branca con colo liso que lle ascende ata as meixelas e no peito un botón cun brillante. Completa o seu atuendo sobrio e elegante, unha cadea de ouro que lle pende do pescozo, escón dese dentro do chaleque para voltar a saír pola dereita.

Como é característico nos retratos románticos, a figura emerxe dun fondo neutro en penumbras e na parte dereita, a altura do ombro aparece escrita a sinatura en maiúsculas e a data : "FIERROS/1856".


O retrato da condesa de San Martín foi pintado por Dionisio Fierros dous anos máis tarde que o do seu pai, o conde de Torrenovaes e igualmente trátase dun óleo sobre lenzo que mide 68 x 57 cm.

Maria Manuela Vázquez de Quiroga y Queipo de Llano naceu en 1825 do primer matrimonio de don Manuel María Vázquez de Quiroga y Queipo de Llano con Ramona Joaquina Quiroga y Prado. Casou con don Jose Antonio Quiroga Valdés<sup>3</sup> e morreu en 1910.

Neste retrato, a pesar de que Dionisio Fierros volve a repetir moitas das fórmulas empregadas no anterior, como son a sobriedade da paleta, reducida ás mesmas cores, os puntos brancos iluminando as pupilas e o sorriso esbozado, o retrato da condesa denota un avance co respecto ao anterior que implica a consecución duns logros que o pintor buscará incesantemente ao longo de toda a súa vida artística: a conquista do naturalismo.

Fierros agora controla mellor a luz que se derrama dende a parte superior do cadro, perfeccionando o modelado e logrando maior sensación de atmosfera e acada maiores cotas de realismo que no anterior retrato, ao suavizar os contrastes lumínicos e modelar

<sup>3</sup> O título de condesa de San Martín de Quiroga é outorgado o 29 de marzo de 1884. Arquivo dos condes de San Martín de Quiroga. Sección Nobreza. Arquivo Histórico Nacional



as sombras co emprego da chamada cor tonal que podemos ver especialmente na parte esquerda do rostro da condesa, na sua meixela, na orella, no pendente e sobre todo na flor e o lazo que decoran o seu pelo.

María Manuela é unha muller xove que está representada de medio corpo en tres cuartos a esquerda. O seu cabelo oscuro e brillante está peiteado con raia ao medio, e recollido en dous rodeteis a ambos lados da cabeza e adornado cun aderezo de flores. Dionisio Fierros compón un modelado suave e matizado, de pincelada minuciosa e fina no rostro, pincelada que simplifica e alarga para producir os reflexos e as calidades das sedas do vestido e que empasta no colo de encaixe e nas xoias para reproducir as diferentes texturas e materiais.

A *condeza de San Martín* preséntase cun traxe de tarde á moda isabelina do que só vemos a parte superior; un corpo entallado, aberto por diante a modo de chaqueta con botonadura, sobre o que vai unha peza da mesma tea en forma de uve, que recibe o nome de “berta”, gornecida con pasamanería e flocos que se estreita na cintura e remata en pico reforzando a silueta tan do gusto da época, con mangas caídas dende os hombros e abullonadas hacia o antebrazo. Uns pendentes longos, típicamente sabelinos e un colgante que pende dunha cadea curta de ouro completan o aderezo da muller.

A atmosfera que rodea a figura, a expresividade e psicoloxía do personaxe e a suavidade do modelado, denotan un avance na conquista do naturalismo por parte do pintor e, ao mesmo tempo nos fan pensar que quizais esteamos ante un dos retratos más belos pintados por Dionisio Fierros.

Tamén no fondo sobre o que aparece a figura apreciamos cambios con respecto ó retrato anterior, aínda que predominan os tons grises atopamos toques de carmín e un

aclaramento que vai dende a parte esquerda do cadro ata a dereita onde ademais hai unha liña vertical que separa unha franxa tamén neste senso, onde aparece a sinatura do pintor, que neste caso está escrita con letra inglesa : “Dº Fierros/1858”.

Como conclusión podemos dicir que Dionisio Fierros non só se queda na apariencia física de dúas personaxes que viviron en Quiroga, provincia de Lugo, no século XIX, senón que pretende mostrarnos a súa alma. E o que é máis importante, estes dous retratos trascenden as personaxes representados deixando de ser soamente o *conde de Torrenovas e a condesa de San Martín de Quiroga* para converterse en arquetipos, nas encarenacións dun estamento da sociedade dunha determinada época, o Romanticismo.

## Bibliografía

- I, II, III EXPOSICIÓN DE PINTURAS DE PROPIEDAD PARTICULAR. Lugo: Museo Provincial, 1960, 1962.
- AREÁN, Carlos: Fierros, en “Publicaciones Españolas”, Cuadernos de Arte, Colección Ordinaria, Madrid, 1966.
- BASA, Leopoldo: *El pintor Fierros y el Arte en Galicia*. Bos Aires, Talleres J. Peuser, 1909
- FERNÁNDEZ RAFOLS, J.: *El arte romántico en España*. Barcelona, Editorial Juventud, 1954
- FILGUEIRA VALVERDE, J. : *Un siglo de pintura gallega (1880-1980)*. Bos Aires. Museo Nacional de Belas Artes, 1985.
- GAMALLO FIERROS, D.: “El artista y su marco ambiental”, Cuadernos de Arte. Madrid, Publicacions EspaÑolas, 1966.
- GAMALLO FIERROS, D.: “Hace cien años que triunfó en Madrid un lucense de adopción: el pintor asturiano Dionisio Fierros Álvarez” en *El Pregón*. Lugo, 1969.
- LÓPEZ VÁZQUEZ, X.M.: “Dionisio Fierros”, en *Artistas gallegos: Pintores*. Tomo I, Vigo, Nava Galicia Edicións, 1999.
- LÓPEZ VÁZQUEZ, X.M. / García Quirós, RosaMaría: *Dionisio Fierros. Íntimo y mun-dano. 1827-1894*, Ourense, Caixavigo e Ourense, 2000.
- PANTORBA, Bernardino de: *Historia y crítica de las Exposiciones Nacionales de Bellas Artes celebradas en España*. Madrid: Editorial Jesús Ramón García Rama J., 1980.
- PABLOS, F.: *Plástica gallega* Vigo, Caixavigo, 1981.
- PENA GONZÁLEZ, Pablo: *El traje en el Romanticismo y su proyección en España (1828-1868)*, Madrid, Ministerio de Cultura, 2008.